

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA, A DIÓCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A RESTAURACIÓN DO RETABLO PRINCIPAL DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS- A ESTRADA.


REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean a os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 94, do 16 de maio) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Por outra, D. Francisco José Prieto Fernández, actuando en representación da Diócese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diócese.

Por outra parte, José Carlos López Campos, alcalde do Concello da Estrada actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e




EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

O artigo 1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dispón que este é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos camiños de Santiago.

Así mesmo, o artigo 4.1. e) do citado Decreto 119/2022, do 23 de xuño, entre as competencias e funcións da Secretaría Xeral Técnica inclúe "o seguimento da tramitación e rexistro dos convenios, acordos, protocolos e declaracións subscritos no ámbito competencial da Consellería así como a tramitación e execución dos




convenios, plans, obras, actuacións e convocatorias de subvencións nas materias competencia doutros órganos superiores e de dirección da Consellería, con cargo aos créditos da Secretaría Xeral Técnica."

Segundo.- Que conforme ao artigo 4º do "Convenio de colaboración entre os bispos das dióceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dióceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Que a Diócese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición os bens culturais que considere, posuidores dun valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.




Terceiro.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Cuarto.- Que a Igrexa de Santo Tomé de Acorados da Estrada, é unha edificación da segunda metade do século XII, englobada estilisticamente dentro do románico, que conta con numerosos exemplos en toda a comarca do Tabeirós. Trátase dunha igrexa con nave única e ábsida rectangular, cuberta a dúas augas. Conserva trazas románicas na decoración de capiteis e portada principal, a pesar das reformas e ampliacións sufridas ao longo dos séculos, como a substitución da techumbre de madeira por unha de pedra ou a adición dunha sacristía no muro norte do ábsida. No testeiro do ábsida destaca a ventá con arquivoltas sobre columnas e sobre a cuberta do ábsida, a cruz de entrelazos. O acceso principal ten unha arquivolta tórica de medio punto sobre columnas con capiteis con decoración vexetal e de bolas.

Destacan no edificio os canecillos románicos conservados no exterior, entre os que destacan dous con cabezas animais e humanos e os recuperados nunha forma recente no interior da sacristía.



O retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, é un retablo de estilo barroco de gran calidade estético, cheo de motivos decorativos vexetais realizados en dourado tradicional que seguen a máxima barroca de non deixar espazos vacíos sen decoración. A talla é minuciosa e de calidade. Úsanse como elementos arquitectónicos pilastras con estípites, arcos de medio punto de intradós decorado e frontón semicircular partido para o ático.


Horizontalmente distínguense tres pisos: a predela, que alberga o sagrario, un primeiro corpo e un ático de forma semicircular para adaptarse á arquitectura. Estes tres pisos apóianse nun banco profusamente decorado con formas xeométricas que se entrelazan.

O retablo atópase nun pésimo estado de conservación: perdas de elementos decorativos, grave ataque de insectos xilófagos, faltas de policromía, repintes xeneralizados e remodelacións estruturais, polo que é necesario realizar actuacións de restauración para a conservación do ben.

A Igrexa de Santo Tomé de Acorados é un ben cultural catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Estrada (Pontevedra), sendo un ben inmovible que forma parte do Patrimonio Cultural de Galicia en aplicación do artigo 30 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

A igrexa de Santo Tomé atópase protexida pola Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e pola lei 5/2016 do 4 de Maio do patrimonio cultural de Galicia. Tanto a igrexa como a súa contorna son bens catalogados e gozan por tanto de protección integral.

Quinto.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de interese público a participación e apoio nas accións obxecto



deste convenio, xa que supón a recuperación dun elemento do patrimonio cultural de Galicia.

A estes efectos a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, baixo a rúbrica de "colaboración interadministrativa", establece a necesidade de colaboración entre as distintas administracións para garantir, entre outros, a protección e a recuperación do patrimonio cultural.

O citado precepto establece en relación ás entidades que integran a Administración local, no que respecta aos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen, entre outras obrigas, a de protexelo, difundilo e fomentar o seu valor cultural, así como adoitar, nos casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que visen a súa integridade ou valor ameazados.


A Diócese de Santiago de Compostela como titular do ben inmovible e beneficiario final da subvención pon a disposición do Concello da Estrada para que este execute as actuacións para a restauración do retablo maior da Igrexa parroquial de Santo Tomé de Acorados, na Estrada.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Diócese de Santiago de Compostela e o Concello da Estrada para a



restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, na Estrada. A Diocese de Santiago de Compostela como titular do ben inmovible ostenta a condición de beneficiario final da subvención concedida e pon aquel a disposición do concello para a execución das actuacións de acondicionamento da Igrexa de Santo Tomé de Acorados.


Segunda.- Xustificación da non concorrencia competitiva

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural conta anualmente cunha programación de convenios que se plasma a través da elaboración do Plan Estratéxico de convenios.

Esta Consellería entende que é de interese público colaborar na execución das actuacións obxecto do presente convenio, de xeito que se garanta a restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, no Concello da Estrada, actuación que se inclúe no Plan Estratéxico realizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para o ano 2024, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro do obxectivo operativo segundo "Conservar o patrimonio cultural galego" na medida OP02C/2.1.1.7.PE "conservación do patrimonio eclesiástico galego".

Como se indica na citada medida, o patrimonio eclesiástico configura unha parte significativa da identidade cultural do territorio galego, no que a parroquia constitúe unha unidade básica para a súa estruturación espacial, social e da identidade. Este patrimonio cultural debería conformar un patrimonio histórico vivo, o que non sempre



é posible conseguir por mor da evolución da sociedade e actividade das comunidades relixiosas e sociais que o mantiñan e utilizaban. A crese demográfica que está a sufrir determinadas bisbarras do interior de Galicia supón un risco para o mantemento destes artefactos culturais, en ocasións complexos conxuntos edificados e depósito de senlleiras coleccións de bens artísticos e históricos.

Tamén se suma a falta de recursos dos concellos para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuacións.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que o concello é a única entidade que pode levar a cabo o obxecto deste convenio.

Terceira.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio, é de 50.949,47 € .


Orzamento

Concepto

Importe

FASE 1

Proxecto de intervención.....700,00 €




Implantación de medios (andamiaxe).....	3.610,00 €
Limpeza mecánica.....	300,00 €
Desmontaxe.....	700,00 €
Desinsectación con empresa especializada e colocación de barreira antitermitas	5.410,00 €

TOTAL FASE 1.....10.720,00 €

FASE 2

Pechе de xuntas e gretas /reconstrución de volumes.....	3.690,00 €
Saneado/Consolidación del soporte.....	1.750,00 €
Eliminación de repintes.....	6.880,00 €
Limpeza química.....	1.680,00 €
Fixación policromías.....	1.850,00€
Tratamento de elementos metálicos.....	450,00 €
Revisión de anclaxes e apoios.....	690,00 €
Estucado/deestucado.....	2.420,00 €
Reintegración.....	3.127,00 €
Protección/vernizado final.....	250,00 €
Montaxe/desmontaxe/carpintería.....	6.900,00 €
Gastos de xestión.....	1.000,00 €
Memoria de intervención.....	700,00 €



TOTAL FASE 2..... 31.387,00 €

Total:.....42.107,00 €

IVE (21%).....8.842,47 €

Total.....50.949,47 €

Os conceptos descritos no orzamento poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará o 98,1364477 % das actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.431A.781.0, cunha achega máxima de 50.000,00 €.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do obxecto deste convenio, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.


Cuarta.- Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.


En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- Obrigas das partes

1. O Concello, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:



1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Solicitar e obter, con carácter previo ao inicio da execución das actuacións, a preceptiva autorización da Administración competente en materia de patrimonio cultural e calquera outra autorización sectorial, licenza ou permiso que fose necesario para a súa execución.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.
6. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no





exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.


9. Ao reintegro da subvención nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sempre que lle resulten aplicables.
10. As demais obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. A Diocese de Santiago de Compostela, como beneficiario final da subvención concedida obrígase:
 1. Ao reintegro da subvención nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sempre que lle resulten aplicables.
 2. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 3. Presentar, antes da sinatura deste convenio e coa presentación da documentación xustificativa, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de

xaneiro. En todo caso as certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Sexta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de



calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Oitava.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da





actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o concello a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co concello, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Novena.- Xustificación e pagamento.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007.

1.- Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello da Estrada deberá acreditar a execución do proxecto

subvencionado mediante a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, da seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

a.1. O cumprimento da finalidade da subvención.


a.2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) No seu caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Documentación acreditativa da publicidade do outorgamento da subvención



pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a realización do obxecto do presente convenio.

f) Memoria final das accións realizadas que incluírá unha reportaxe fotográfica da obra (estado previo, desenvolvemento e obra rematada). Así mesmo acreditarase a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.


2.- O órgano concedinte da subvención poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

3.- De conformidade co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedinte comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

4.- A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será **o 30 de novembro de 2024**.

5.- A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6.-A cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total, sempre que se cumpra co seu obxecto.




Décima.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 80 % da axuda concedida, quedando o concello exonerado da constitución de garantía, ao abeiro do disposto no artigo 63.4 e 65.4c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que o concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello da Estrada ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.





b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:

- Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.
- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local en materia de bens das entidades locais, da normativa en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.
- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Décimo segunda.- Facultades de inspección

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

Décimo cuarta.- Causas de resolución e modificación do convenio

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son **causas de resolución**:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis
3. As **modificacións do convenio** adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
- 4.- Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Décimo quinta.- Vixencia do convenio


O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Décimo sexta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.



Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará o texto íntegro do convenio.


Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento



2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.


Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Vinte.- Posibilidade de desistencia do convenio

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.





XUNTA
DE GALICIA

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes.

27 MAR. 2024

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e
Universidades

P.D. (Orde 20/07/2022, DOG num 151,
do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico



Manuel Vila López

A Diocese de Santiago de Compostela



Francisco José Prieto Fernández

O alcalde do Concello da Estrada

José Carlos López Campos